



Concello de Betanzos
Praza de Galicia nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña
Teléfono: 981 770 001
Fax: 981 776 259
Web: www.betanzos.net
sede electrónica: <https://sede.betanzos.es>
e-mail: correo@betanzos.net

ANUNCIO CONVOCATORIA AXUDAS SOCIAIS 2023

Por decreto de Alcaldía número 156/2024 de data 24/01/2024 prestouse aprobación a:

CONVOCATORIA PARA O REPARTO DO FONDO DE ACCIÓN SOCIAL PARA OS/AS TRABALLADORES/AS DO CONCELLO DE BETANZOS DO ANO 2023

No artigo 34 do Convenio colectivo do persoal laboral ao servizo do Concello de Betanzos establécese a constitución dun fondo social cada ano para facer fronte ás melloras sociais do persoal do Concello.

No artigo 34 do Acordo regulador do persoal funcionario ao servizo do Concello de Betanzos tamén se recolle a constitución dun fondo social do persoal funcionario.

O Regulamento de reparto do fondo de acción social para os/as traballadores/as do Concello de Betanzos foi aprobado no Pleno ordinario do 15 de decembro de 2020 e publicado no *Boletín Oficial da Provincia* da Coruña n.º 10, do 18 de xaneiro de 2021.

1. Poderán optar ás axudas os traballadores do Concello de Betanzos, funcionarios e persoal laboral, así como os membros da súa Unidade Familiar. Os devanditos traballadores, para poder optar ás axudas, deberán estar en activo no ano ao que se refire a convocatoria das mesmas, e no seu caso, ter realizado o gasto para o que se solicita. No caso de que o traballador/ra non prestara servizo todo o ano ou, no seu caso, que o curso escolar ou académico para o que se solicita a axuda non fora completo, o importe da axuda será directamente proporcional ao tempo de que se trate ou ás materias ou créditos do curso.

Establecese como tempo mínimo traballado no Concello para xerar dereito a calquera das axudas, seis meses.

2. As axudas percibiranse proporcionalmente ao tempo traballado computando como tal a data de terminación de contrato se este é anterior ao 31 de decembro de 2023 ou ata esa data para o caso de contratacións con vencemento posterior a esa data. No caso de persoal temporal as facturas deberán ser do período en que o/a traballador/a prestou os seus servizos no Concello.

3. Para o presente exercicio e segundo o orzamento vixente, a contía para distribuír as axudas é de 30 000 euros, as contías máximas que para cada un dos conceptos se establece na instancia de solicitude nas cales foron aprobadas polo Pleno ordinario do 15 de



Concello de Betanzos
Praza de Galicia nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña
Teléfono: 981 770 001
Fax: 981 776 259
Web: www.betanzos.net
sede electrónica: <https://sede.betanzos.es>
e-mail: correo@betanzos.net

decembro de 2020 e publicado no *Boletín Oficial da Provincia* da Coruña n.º 10, do 18 de xaneiro de 2021 e que son as seguintes:

GRUPOS DE DISTRIBUCIÓN

Segundo as retribucións brutas anuais percibidas polo traballador, establécense os seguintes grupos para o acceso ás axudas sociais e sanitarias:

- Grupo 1.º Ata 20.000,00 euros brutos/ano**
- Grupo 2.º De 20.000,01 ata 30.000,00 euros brutos/ano**
- Grupo 3.º De 30.000,01 ata 40.000,00 euros brutos/ano**
- Grupo 4.º Máis de 40.000,01 euros brutos/ano**

• AXUDA SOCIAL PARA GARDERÍA :

- Grupo 1.º : 70 euros
- Grupo 2.º : 59,50 euros
- Grupo 3.º : 47,60 euros
- Grupo 4.º : 35,70 euros

• AXUDA SOCIAL PARA BOLSA DE ESTUDOS:

a) Educación infantil pública e educación primaria obrigatoria:

- Grupo 1.º : 130 euros
- Grupo 2.º : 110,50 euros
- Grupo 3.º : 88,40 euros
- Grupo 4.º : 66,30 euros

b) Educación secundaria obrigatoria:

- Grupo 1.º : 190 euros
- Grupo 2.º : 161,50 euros
- Grupo 3.º : 129,20 euros
- Grupo 4.º : 96,90 euros

c) Bacharelato, formación profesional de grao medio ou superior e cursos de acceso á



Concello de Betanzos
Praza de Galicia nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña
Teléfono: 981 770 001
Fax: 981 776 259
Web: www.betanzos.net
sede electrónica: <https://sede.betanzos.es>
e-mail: correo@betanzos.net

universidade.

- Grupo 1.º : 240 euros
- Grupo 2.º : 204 euros
- Grupo 3.º : 163,20 euros
- Grupo 4.º : 122,40 euros

d) Estudos en universidade, escolas técnicas, conservatorio e outros estudos homologados con validez académica.

- Grupo 1.º : 400 euros
- Grupo 2.º : 340 euros
- Grupo 3.º : 272 euros
- Grupo 4.º : 204 euros

• **AXUDA SOCIAL POR ODONTOLOXÍA**

- Grupo 1.º : 400 euros
- Grupo 2.º : 340 euros
- Grupo 3.º : 272 euros
- Grupo 4.º : 204 euros

• **AXUDA SOCIAL POR OFTALMOLOXÍA**

- Grupo 1.º : 150 euros
- Grupo 2.º : 127,50 euros
- Grupo 3.º : 102 euros
- Grupo 4.º : 76,50 euros

• **AXUDA SOCIAL POR PRÓTESES ORTOPÉDICAS E DISPOSITIVOS ESPECIAS PARA DISCAPACITADOS**

- Grupo 1.º : 500 euros
- Grupo 2.º : 425 euros
- Grupo 3.º : 340 euros
- Grupo 4.º : 255 euros



Concello de Betanzos
Praza de Galicia nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña
Teléfono: 981 770 001
Fax: 981 776 259
Web: www.betanzos.net
sede electrónica: <https://sede.betanzos.es>
e-mail: correo@betanzos.net

• **AXUDA SOCIAL PARA RESIDENCIAS DE ANCIÁNS OU CENTROS DE DÍA**

- Grupo 1.º : 500 euros
- Grupo 2.º : 425 euros
- Grupo 3.º : 340 euros
- Grupo 4.º : 255 euros

4. Abrirase un prazo de 10 días hábiles para a presentación das solicitudes correspondentes ás axudas sociais do ano 2023, a partir do día seguinte da publicación do presente decreto na Sede electrónica, na páxina web e no taboleiro de anuncios do Concello de Betanzos.

Estas deberán realizarse en instancia segundo modelo que figura no anexo I e II desta convocatoria, e deberán acompañarse dos xustificantes que en cada caso se determinen en orixinal ou copia compulsada.

5. Os servizos administrativos do Concello serán os encargados da recollida e clasificación da documentación, confeccionando unha listaxe cos/as admitidos/as e excluídos/as, no seu caso, así como as cantidades económicas das axudas que lle corresponden a cada un/a dos traballadores/as, despois de aplicar, no seu caso, as reducións correspondentes. Finalizado este proceso abrirase un prazo de cinco días hábiles para que calquera traballador/a poida consultar o seu expediente no departamento correspondente e alegar o que estime oportuno. A devandita listaxe trasladarase aos representantes do persoal para o informe desta.

7. Dado que a contía orzamentaria non distingue ningún reparto para ambas as dúas categorías de empregados/as, ao ser distintos os órganos que han de informar a súa distribución, no suposto de resultar unha contía superior á existente no orzamento, procederase á súa distribución de acordo coa proposta dos dous órganos. De non chegar a acordo resolverá a Xunta de Goberno Local.

9. Será o órgano competente para a súa adxudicación, a Xunta de Goberno Local, quen decidirá á vista das propostas e informes emitidos, que en ningún caso se entenderán vinculantes.

10. Que se proceda a darlle a publicidade correspondente en todos os departamentos deste Concello.

DEPARTAMENTO DE PERSOAL



15300 Betanzos (A Coruña)
Tel. 9 81 770 011

Concello de Betanzos
Praza de Galicia, n.º 1

Fax 9 81 776 529

www.betanzos.net
<https://sede.betanzos.es>
correo@betanzos.net

SOLICITUDE DE AXUDAS SOCIAIS	
NOME:	PRIMEIRO APELIDO:
SEGUNDO APELIDO:	NIF/NIE:
TELÉFONO MÓBIL:	
EMPREGADO/A MEDIANTE RELACIÓN (especificar funcionario/laboral):	
SERVIZO (especificar departamento ou servizo no que se traballa)	
RETRIBUCIÓN BRUTA ANUAL:	Grupo 1.º: Ata 20.000,00 € brutos/ano
	Grupo 2.º: De 20.000,01 ata 30.000,00 € brutos/ano
	Grupo 3.º: De 30.000,01 ata 40.000,00 € brutos/ano
	Grupo 4.º: Máis de 40.000,01 € bruto/ano

De conformidade coa convocatoria de axudas sociais do Concello de Betanzos, segundo o Acordo de Funcionarios e o Convenio colectivo do persoal laboral e coas determinacións establecidas no que lles sexa de aplicación.

SOLICITO (marque a/s axuda/s solicitada/s):

AXUDA GARDERÍA

BOLSA DE ESTUDOS (especificar): E. Primaria E. Secundaria Bacharelato, FP ou equivalente E. Universitaria, escolas técnicas ou equivalentes

SERVIZOS SANITARIOS NON CONCERTADOS (especificar):

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACIEGA

Certificado de estudos, factura do centro ou recibo de matrícula (tipo de axuda: bolsa de estudos).
Factura orixinal ou fotocopia compulsada do gasto co nome da persoa beneficiaria (tipo de axuda: servizos sanitarios non concertados).

ustificante de relación familiar no caso de que o/a beneficiario/a sexa cónxuxe, parella de feito, fillo/a ou nai/pai.

No caso de que se solicite axuda para algún membro da unidade familiar que estea en activo, declaración xurada de non percibir ningunha axuda por idéntico concepto ás recollidas nestas axudas.

INFORMACIÓN

GARDERÍA (por fillo/a): Grupo 1.º 70 € // Grupo 2.º: 59,50 € // Grupo 3.º: 47,60 € // Grupo 4.º: 35,70 €

BOLSA DE ESTUDOS (por membro da unidade familiar):

E. INFANTIL E PRIMARIA:	E. SECUNDARIA:	BACHARELATO, F.P. OU EQUIVALENTE:	E. UNIVERSITARIO, ESC. TÉCNICA, EQU:
Grupo 1.º: 130 €	Grupo 1.º: 190 €	Grupo 1.º: 240 €	Grupo 1.º: 400 €
Grupo 2.º: 110,50 €	Grupo 2.º: 161,50 €	Grupo 2.º: 204 €	Grupo 2.º: 340 €
Grupo 3.º: 88,40 €	Grupo 3.º: 129,20 €	Grupo 3.º: 163,20 €	Grupo 3.º: 272 €
Grupo 4.º: 66,30 €	Grupo 4.º: 96,90 €	Grupo 4.º: 122,40 €	Grupo 4.º: 204 €

SERVIZOS SANITARIOS NON CONCERTADOS (segundo factura)

ODONTOLOXÍA: Grupo 1.º: ata 400 € // Grupo 2.º: ata 340 € // Grupo 3.º: ata 272 € // Grupo 4.º: ata 204 €

LENTE E LENTES DE CONTACTO (*): Grupo 1.º: ata 150 € // Grupo 2.º: ata 127,50 € // Grupo 3.º: ata 102 € // Grupo 4.º: ata 76,50 €

PRÓTESES ORTOPÉDICAS OU DISPOSITIVOS ESPECIAIS DISCAPACITADOS/AS ():** Grupo 1.º: ata 500 € // Grupo 2.º: ata 425 € // Grupo 3.º: ata 340 € // Grupo 4.º: ata 255 €

RESIDENCIA ANCIÁNS OU CENTROS DE DÍA: Grupo 1.º: ata 500 € // Grupo 2.º: ata 425 € // Grupo 3.º: ata 340 € // Grupo 4.º: ata 255 €

(*) No caso de lentes correctoras (gafas) só se admitirá o gasto unha vez cada 3 anos, para cada membro da unidade familiar, agás que sexa preciso modificar a graduación destas, para o que deberá achegar un certificado do/a especialista da necesidade de cambiala.

(**) Deberá achegar un certificado médico ou do/a especialista que xustifique a súa necesidade.

LUGAR	DATA	SINATURA

SRA. ALCALDESA DO CONCELLO DE BETANZOS

De acordo co establecido pola normativa vixente en materia de protección de datos, informámola de que o responsable de tratamento dos seus datos persoais é o Concello de Betanzos, con enderezo no edificio Liceo, praza de Galicia n.º 1, 15300, Betanzos, A Coruña, correo@betanzos.net. Os datos serán utilizados para prestarlle o servizo solicitado e a xestión administrativa derivada da prestación do servizo. Non se cedarán os datos a terceiras persoas, agás por obriga legal. Ten vostede dereito a acceder, rectificar ou suprimir os datos erróneos, solicitar a limitación do tratamento dos seus datos así como opoñerse ou retirar o consentimento en calquera momento e solicitar a portabilidade destes en calquera momento. Para isto, o Concello de Betanzos dispón de formularios específicos para facilitarlle o exercicio dos seus dereitos. Pode presentar a súa propia solicitude ou solicitar os nosos formularios, sempre acompañados dunha copia do seu DNI para acreditar a súa identidade. Pode consultar a información adicional e detallada sobre a protección de datos solicitándoa por correo electrónico no enderezo correo@betanzos.net.



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, n.º 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011
Fax: 981 776 52 9

web: www.betanzos.net
sede electrónica: <https://sede.betanzos.es>
endereço electrónico: correo@betanzos.net

DECLARACIÓN RESPONSABLE (ANEXO II)

(Nome e apelidos do membro da unidade familiar):

con DNI: _____

Como membro da unidade familiar de:

(Nome e apelidos do/a

traballador/a): _____

con DNI _____

DECLARO responsablemente que estou en activo e non percibo ningunha axuda por idéntico concepto ás recollidas nas axudas sociais comprendidas no REGULAMENTO DE REPARTO DO FONDO DE ACCIÓN SOCIAL PARA OS/AS TRABALLADORES/AS DO CONCELLO DE BETANZOS aprobado no Pleno ordinario do 15 de decembro de 2020 e publicado no *Boletín Oficial da Provincia* da Coruña n.º 10, do 18 de xaneiro de 2021.

Asino este documento para que produza os efectos oportunos.

(Lugar) _____, (día) _____ de (mes) _____ de (ano) _____